

**INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN
ACADÉMICA E PROFESORADO DO 5 DE FEBREIRO DE
2021 POLA QUE SE ACORDA A PRÓRROGA DA
VIXENCIA DA INSTRUCCIÓN DO 17 DE SETEMBRO DE
2020, MODIFICADA POR INSTRUCCIÓN DO 3 DE
OUTUBRO DE 2020, SOBRE MEDIDAS APLICABLES AO
PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI) DA
UNIVERSIDADE DE VIGO EN SITUACIÓN DE
VULNERABILIDADE AO SARS-CoV-2**

A vicerreitoría de ordenación académica e profesorado ditou unha instrución o día 17 de setembro de 2020 sobre medidas aplicables ao persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo en situación de vulnerabilidade ao SARS-CoV-2. No seu artigo segundo establece *“Esta medida abranguerá o primeiro cuadrimestre do curso 2020/21”*

Posteriormente, o 3 de outubro, ditouse unha nova instrución da vicerreitoría que modificaba os artigos primeiro e segundo da arriba citada. Na nova redacción do artigo segundo dispónse *“Esta medida abranguerá o primeiro cuadrimestre do curso 2020/21, sen prexuízo de posteriores instrucións que poidan ditarse en función da evolución da pandemia e das medidas recomendadas polas autoridades sanitarias.”*

Á vista da situación actual da crise sanitaria, esta vicerreitoría resolve ditar a seguinte

INSTRUCCIÓN

Prorrógase a vixencia da instrución da vicerreitoría de ordenación académica e profesorado do 17 de setembro de 2020 e da súa modificación mediante instrución do 3 de outubro de 2020 durante o segundo cuadrimestre do curso 2020/21.

O vicerreitor de ordenación académica e profesorado,
(documento asinado dixitalmente)

